

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. Jose M. Da Rocha Álvarez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a Margarita Estévez Toranzo
 D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. J. Angel Álvarez Moreira
 D. Pedro Antonio Arujo Nespereira
 Don Leopoldo José Cadaya Vidal
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón
 D. José Cidrás Pidre
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. José Durany Castrillo
 D. Luis Espada Recarey
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Alberto Gago Rodríguez
 D. José Manuel García Vázquez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Alejandro V. Gómez Soler
 D. Víctor M. Martínez Cacharrón
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel Reigosa Roger
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D^a Antía Rodríguez Nieves
 D. Antonio Rotea Villanueva
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. José Tojo Suárez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Xoan Xosé Santamaría Conde
 D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
DESCULPA ASISTENCIA
 D. Alfonso López Otero.
 D. Luis Pérez Gómez

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de vinteun de decembro de mil novecentos noventa e nove, ás 9 horas en primeira convocatoria e ás 9:30 horas en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O martes, **día 21 decembro de 1999**, ás 9:30 horas, comezou a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento para o ano 2000.

Intervén en primeiro lugar o Vicerrector de Planificación facendo a presentación do orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2000.

O orzamento do ano 2000 ascende a un total de 13.088.285.000 pesetas o que supón unha diminución con respecto o ano 1999 dun 8,9%.

A menor contía dos ingresos débese á redución do remanente incorporado que pasa de 2000 a 1200 millóns e á concentración dos investimentos do Programa de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia nos anos 2001, 2002 e 2003.

Hai que destacar que a subvención incondicionada da Xunta (9.185.919.740 pesetas) non chega para cubrir os gastos por operacións correntes presupostados para o próximo ano (10.777.273 pesetas).

No que se refire ós gastos, salientamos que se presenta por primeira vez unha estrutura de gasto por programas, que permite indentificar os obxectivos a acadar en relación cos recursos que aparecen no documento presupostario. Exceptúanse de momento desta planificación por programas os departamentos. Indica que estos cambios producen unha ruptura na serie de datos e que hai que ter a correspondente prevención.

Neste ano haberá un forte incremento (13 %) do capítulo I, que permitirá acometer a contratación de novos profesores e a posta en marcha dunha nova Relación de Postos de Trballo para o PAS funcionario e dun novo convenio co persoal laboral.

A política científica plásmase nos seguintes programas específicos: Programa de Formación de Investigadores (256 millóns de pts aprox.), Programa de Proxectos de Investigación (164 millóns de pts. aprox.), Programa de Biblioteca Universitaria (278 millóns de pts aprox.) e Programa do CACTI (41 millóns de pts aprox.).

O programa de Docencia e Alumnado, dotado con máis de 255 millóns de pts agrupa accións dirixidas ós estudantes.

O programa de Extensión Universitaria, dotado con máis de 122 millóns de pts, recolle as actividades propias de extensión universitaria así como as actividades conmemorativas do décimo aniversario da Universidade. O programa de Deportes está dotado con máis de 74 millóns de pts.

Os programas da Oficina de Relacións Internacionais e o da Área de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións están dotados con 39 e 156 millóns de pts respectivamente.

Créase unha nova partida no capítulo VIII (participación en sociedades) de 82 millóns de pts que da cabida ós ingresos por convenios con entidades financeiras.

Por último, o Vicerrector indica os cambios propostos nas normas de execución (sobre os anticipos de crédito, sobre os remanentes de crédito e sobre a autorización do gasto) e nos criterios de distribución.

A continuación interveñen os seguintes membros da Xunta de Goberno.

O Sr. Santamaría (en representación de FETE/UGT) pide información sobre a partida de participación en sociedades.

O profesor Corbacho pide aclaración sobre a modificación do tratamento dos remanentes dos departamentos e sobre as autorizacións de gasto por parte dos administradores de Centro.

O Sr. Álvarez Moreira pregunta qué se entende por representatividade dos estudantes xa que en base a este concepto realízase o reparto do 50% do crédito das delegacións polos Directores/Decanos dos Centros.

Tamén solicita que se estudie a posibilidade de modificación do tratamento de material inventariable a funxible para os programas informáticos.

O Profesor Candelas pregunta canto se recibiu polo programa Socrates e interésase pola partida de altos cargos e pola partida de participación en sociedades públicas. Opina que o Servicio de Publicacións debería vencellarse a Biblioteca. Por último, pide aclaracións sobre os gastos de custo e locomoción en Departamentos.

O profesor Cidrás valora de forma positiva que por primeira vez se faga un presuposto por programas, lamenta que non exista un programa de cátedras de I+D. No referente ós remanentes dos Departamentos, di que hai dificultades de gasto porque os fondos chegan con moito retraso e opina que os remanentes deben repercutir esencialmente nos Departamentos. Por último, considera un erro mezclar as figuras de administrador de centro e a de director de centro.

O Sr. Gómez Soler interésase pola política de incentivos ó rendemento.

O profesor Durany di que é bó desenvolver as funcións do administrador de Centro. Fai unha valoración global positiva do orzamento porque aumenta o capítulo I en 1000 millóns de pesetas (actualizando e estabilizando a plantilla docente), contén o gasto corrente, presuposta as inversións axustándoas á realidade e presenta por primeira vez un presuposto por programas.

O profesor R. Berrocal pregunta pola partida de altos cargos e manifésase en contra da redución das partidas de fondos bibliográficos e de edificios docentes. Di que se recortan partidas vencelladas directamente a docencia e investigación. Pide que non se recorte a cantidade destinada a Departamentos.

O Sr. Martínez Cacharrón ve positivamente a transparencia nas bolsas de estudantes adicadas á realización da enquisa de avaliación docente. Propón que aumente a cantidade destinada a bolsas de material escolar en detrimento dos bolseiros colaboradores.

O profesor Reigosa aplaude a presentación de presupostos por programas e obxectivos así como o aumento do grao de execución e a diminución de remanentes. Teme que aumente en exceso a burocracia no mes de novembro para xustificar o gasto futuro. Tamén valora positivamente a profesionalización da figura do administrador de centro e a vontade de construír o edificio do Rectorado en Lagoas-marcosende (partida de 300 millóns " edificios uso administrativo").

Interésase polos criterios de elaboración do capítulo I en profesorado e bota en falta máis tempo para o diálogo político e institucional.

Por último, propón que se cambie o tratamento fiscal dos gastos de viaxe e que nos criterios de reparto se consideren fixos por titulacións e non por Centros.

O profesor Pose di que hai erros na interpretación do remanente, que non hai memoria do presuposto e que non se explica a estimación dos ingresos nin a estimación dos gastos. No referente ás normas de execución opina que desaparece o control dos órganos de goberno sobre a execución do presuposto centralizado. Por último di que coa redacción da disposición derradeira ("as presentes normas entrarán en vigor na data da súa aprobación polos órganos competentes) non queda claro quen aproba o orzamento.

O profesor Mazaira agradece o esforzo dos servicios na elaboración do orzamento por programas e di que no referente ás funcións dos administradores de Centro, estase a cumprir o regulamento de réxime económico.

A continuación intervén o Vicerrector de Planificación respondendo conxuntamente.

Aclara que cando se remita o orzamento ó Claustro, irá acompañado dunha memoria.

Acepta a proposta do Sr. Martínez Cacharrón sobre as bolsas de material escolar. Pide ó profesor Pose que fundamente as súas afirmacións. Aclara que a partida de altos cargos inclúe o soldo do xerente.

O Sr. Xerente explica as datas en que foron incorporados os remanentes e di que as normas de peche do exercicio son semellantes ás do resto das Universidades galegas. Explica ó profesor Pose que non desaparece o control dos órganos de goberno xa que o único que se fai é volver ás normas anteriores ó ano 1999.

O Vicerrector de Profesorado aclara que a ubicación da partida de profesores invitados é correcta xa que non se trata de persoal docente da Universidade. Sobre a cantidade destinada (10 millóns) está pensada só para casos urxentes de cobertura docente, con necesidade de suplencia superior a un mes.

O Vicerrector de Investigación , sobre o tema de informatización da biblioteca, di que en xullo de 1999 terminou a fase de implantación e se iniciou a fase de retroconversión dos fondos; os resultados se verán no ano 2000.

No tema da produción científica fíxose o esforzo de avaliar o anterior á espera de cambiar as normas de avaliación consonte o programa electoral.

Nun segundo turno de intervencións, o Sr. Santamaría (en representación de FETE/UGT) pregunta se a partida de 82 millóns (participación en sociedades públicas) corresponde a Cidade Universitaria S.A. Respóndeselle que si e cuestiona se a participación dos representantes da Universidade é compatible co seus cargos. Di que hoxe é Cidade Univeristaria S.A. e que mañá pode ser Telefónica, Terra ou outra.

O Sr. Martínez Cacharrón concreta a súa proposta sobre bolsas de material escolar: que a partida 482.11 (3 millóns) se reparte entre bolseiros colaboradores (1 millón) e bolsas de material escolar (2 millóns). No referente o reparto nos Centros en base á representatividade dos estudantes, di que debe facerse dacordo co artigo 172.3 dos Estatutos (calquera tipo de representación)

O profesor Candelas di que a ORI como programa debería estar mellor dotada e vai propor no Claustro que parte dos fondos de deportes pasen á ORI. Propón que o Servicio de Publicacións pase á Biblioteca.

O Sr. Gómez Soler fai as seguintes propostas:

1) Como alternativa á que figura nos criterios de distribución e normas complementarias de

execución dos créditos descentralizados para o ano 2000, en referencia ó concepto 229.03-Delegacións de alumnos:

- a) supresión do punto terceiro; en consecuencia
- b) conversión das delegacións de alumnos en centros de gasto aplicándolle os puntos 1º, 3º e 4º das normas complementarias de execución dos créditos descentralizados.

2) Reducción da partida nº15 (capítulo I) " incentivos ó rendemento" de 44,5 millóns a 40,5 millóns. Os 4 millóns sobrantes destinaranse á creación da partida 482.17 que se denominará "bolsas de incremento de material académico para o estudante."

O Vicerrector de Planificación acepta a proposta do profesor Candelas (sobre o Servicio de Publicacións) e a do Sr. Martínez Cacharrón (sobre as bolsas de material escolar).

Vótanse as outras propostas:

. Proposta do Sr. Gómez Soler (consideración das delegacións de alumnos como centros de gasto):

A favor do texto	26 votos
A favor da proposta	3 votos
Abstencións	5

Mantense o texto.

. Proposta do Sr. Gómez Soler (sobre a partida de incentivos á produtividade).

A favor do texto	26 votos
A favor da proposta	5 votos
Abstencións	4

Mantense o texto.

. Proposta do Sr. Cadaya (repartir nos Centros ós alumnos non por representatividade senón por actividades):

A favor do texto	25 votos
A favor da proposta	5 votos
Abstencións	4

Mantense o texto.

Por último faise a votación global ó proxecto de orzamento para o ano 2000:

A favor	26 votos
En contra	6 votos
Abstencións	2

Apróbase.

Non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:30 horas do día 21 de decembro do que como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Sr. Rector:

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo